



GUÍA DE LECTURA




Delfines amigos é un libro escrito por **Mary Pope Osborne** para nenos e nenas de 5º de Educación Primaria. O seu carácter aventureiro convérteno nun texto de interese para todas as persoas centrado na mundo da imaxinación e da lectura.



O libro *Delfines amigos* trata sobre trata dunha fada chamada Morgana que propón a Jack e Annie que se convertan en mestres bibliotecarios. Para iso han de superar diversas probas e viaxar na casa máxica da árbore. Un arrecife de coral será o seu primeiro destino.

Este é Jack:



E esta é Anie:

Para saber un pouco máis sobre a autora, podedes ler esta minibiografía:

Mary Pope Osborne

(Fort Sill, Oklahoma, EEUU, 20 de maio de 1947)

MARY POPE OSBORNE é unha fervente defensora e partidaria da alfabetización infantil, e autora galardoada de máis de 100 libros para nenos e novos, incluídas novelas, recontos de mitoloxía e folclore, libros ilustrados, biografías e misterios. De 1993 a 1997,



Mary foi presidenta do Authors Guild, a organización líder do país para autores publicados.

Viaxou moito por Estados Unidos e o estranxeiro, visitando escolas e falando sobre temas relacionados coa alfabetización infantil.

Mary falou na ONU sobre a importancia da alfabetización mundial e apareceu no Rock Center de NBC con Brian Williams polos seus continuos esforzos. As contribucións persoais de Mary a través do seu programa Gift of Books puxeron máis de 1,5 millóns de libros en mans de nenos desatendidos.

Mary é creadora da serie Magic Tree House, tamén é coautora da serie complementaria Magic Tree House Fact Trackers co seu esposo, WILL OSBORNE, e a súa irmá, NATALIE POPE BOYCE.

Mary é activa en Twitter e encántalle conectarse con lectores, antigos lectores, mestres e pais.

Reside en Great Barrington, Massachusetts con Will e os seus dous cans rescatados, o Capitán Wilson e unha nova pequena Yorkie chamada Penny.

PREGUNTAS PARA TRABALLAR A LECTURA

- 1 Quen son os protagonistas da historia?
- 2 Como se chama a autora do libro?
- 3 En que país naceu a autora do libro?
- 4 Cal é a profesión de Mary Pope Osborne?
- 5 Como comeza a historia?
- 6 En que estación do ano estaban cando comeza a historia?
- 7 Como se chaman os protagonistas da historia?
- 8 Que idade ten Jack e Annie?
- 9 De quen era casa da árbore?
- 10 Que profesión tiña Morgana?
- 11 De que época era Morgana?
- 12 Por que viaxaba Morgana no tempo?
- 13 Que tiñan que atopar os nenos para desfacer o feitizo?
- 14 Como se chama a ratoncita?
- 15 A que lugares xa viaxara antes?
- 16 Que soñaron Jack e Annie?

17 Como se chamaba o bosque onde estaba a casa da árbore?

18 Como se chama a biblioteca de Morgana?

19 Onde estaba escondido o primeiro enigma?

20 A onde foron a primeira vez?

21 Por que o chan era de cor rosa?

22 Que forma tiña a máquina que estaba enriba do chan de cor rosa?

23 Que tipo de máquina era a que estaba enriba do chan de cor rosa?

24 Cantos asientos tiña o minisubmarino?

25 Cantas especies de peixes viven nos océanos Índico e Pacífico?

26 Como se chaman os delfíns?

27 Como se chama o diario dunha viaxe polo mar?

28 Que animal atacou o submarino?

29 Como conseguiu escapar o calamar?

30 De que clase era o tiburón?

31 Que problemas ten o minisubmarino?

32 Quen axuda a Jack e Annie cando se funde o minisubmarino?

33 De que cor era a concha que colleron Jack e Annie?

34 Que pensaban que había dentro da concha?

35 Cal era a resposta ao enigma?

36 De que cor eran as letras do pergamiño?

37 Cantos enigmas lles quedan por resolver?

Fai un debuxo da escena que máis che gustou do libro.

AVALIACIÓN

Indica si son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións:

- Os protagonistas son Jack e Annie.
- O autor do libro chámase Agustín.
- A historia comeza coa chegada da casa ao bosque.
- Jack e Annie van de compras coa súa nai.
- A resposta era "ostra".
- O polbo foi o animal que os atacou.
- O polbo foi o animal que os axudou.
- Sam e Suki son o nome dos delfíns.
- A ostra era de cor vermella.

COLOREA A TÚA OPINIÓN SOBRE O LIBRO



GUSTÁRONCHE AS ACTIVIDADES



COLOREA A TÚA OPINIÓN SOBRE O CONCURSO



CONTESTA: Recomendarías a lectura deste libro.



EL BARCO
DE VAPOR

SERIE LA CASA MÁGICA DEL ÁRBOL

Delfines amigos

Mary Pope Osborne

Ilustraciones
de Bartolomé Seguí



sm